



DATOS IDENTIFICATIVOS

Arte e contemporaneidade

Materia	Arte e contemporaneidade			
Código	P01G010V01601			
Titulación	Grao en Belas Artes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Escultura Pintura			
Coordinador/a	Hernandez Sanchez, Jesus			
Profesorado	Hernandez Sanchez, Jesus Roman Redondo, Juan Carlos			
Correo-e				
Web				
Descrición xeral	<p>□Arte e contemporaneidade□ é unha materia transversal pertencente ao módulo dos contextos artísticos e dedicada a afrontar os aspectos máis circunstanciais e de época da arte, tanto pola súa significación social como cultural. Esta materia pretende que o alumno coñeza e analice aquelas prácticas artísticas que se desenvolven na actualidade e que as relacione con aqueles conceptos establecidos na idea de contemporaneidade.</p>			

Competencias de titulación

Código	
A1	Comprensión crítica da historia, teoría e discurso actual da arte. Comprender de xeito crítico a historia, teoría e discurso actual da arte. Asimilación analítica dos conceptos nos que se sustenta a arte
A2	Comprensión crítica da evolución dos valores estéticos, históricos, materiais, económicos e conceptuais. Analizar a evolución dos valores da arte desde unha perspectiva socioeconómica e cultural
A3	Comprensión crítica da responsabilidade de desenvolver o propio campo artístico. Compromiso social do artista
A4	Comprensión crítica da dimensión preformativa e de incidencia social da arte. Analizar a repercusión recíproca entre a arte e a sociedade
A5	Coñecemento da teoría e do discurso actual da arte, así como o pensamento actual dos artistas a través das súas obras e textos. Actualizar constantemente o coñecemento directo da arte a través dos seus propios creadores
A6	Coñecemento do vocabulario, códigos, e dos conceptos inherentes ao ámbito artístico. Coñecer a linguaxe da arte
A7	Coñecemento do vocabulario e dos conceptos inherentes a cada técnica artística particular. Coñecer a linguaxe creativa específica
A8	Coñecemento das diferentes funcións que a arte adquiriu a través do desenvolvemento histórico. Estudar a evolución do papel da arte a través do tempo
A9	Coñecemento de métodos de produción e técnicas artísticas. Analizar os procesos de creación artística
A10	Coñecemento de institucións e organismos culturais españois e internacionais e do seu funcionamento (rede museística, exposicións, bienais, etc.)
A11	Coñecemento das normas de actuación derivadas dos dereitos de autor e propiedade
A12	Coñecemento dos materiais e dos seus procesos derivados de creación e/ou produción. Coñecer os materiais, procedementos e técnicas que se asocian a cada linguaxe artística
A13	Coñecemento básico da metodoloxía de investigación das fontes, a análise, a interpretación e síntese. Analizar, interpretar e sintetizar as fontes
A14	Coñecemento dos instrumentos e métodos de experimentación en arte. Aprendizaxe das metodoloxías creativas asociadas a cada linguaxe artística
A15	Coñecemento dos métodos artísticos susceptibles de seren aplicados a proxectos socioculturais. Estudar as metodoloxías que faciliten a actuación artística no entorno social
A16	Coñecemento das características dos espazos e medios de exposición, almacenaxe e transporte das obras de arte
A17	Coñecemento dos diferentes axentes artísticos e o seu funcionamento. Identificar os distintos intermediarios artísticos e as súas funcións na dinámica da arte e a súa metodoloxía de traballo
A18	Coñecementos básicos de economía e marketing. Analizar e situar a actividade artística nun contexto estratéxico e de competencia. Establecer e manter relacións comerciais con clientes e/ou socios

A19	Capacidade para identificar e entender os problemas da arte. Establecer os aspectos da arte que xeran procesos de creación.
A20	Capacidade de interpretar creativa e imaxinativamente problemas artísticos. Desenvolver os procesos creativos asociados á resolución de problemas artísticos
A21	Capacidade de comprender e valorar discursos artísticos en relación coa propia obra. Establecer medios para comparar e relacionar a obra artística persoal co contexto creativo.
A25	Capacidade de (auto)reflexión analítica e (auto)crítica no traballo artístico.
A35	Capacidade para activar un contexto cultural e/ou modificar un contexto público ou privado. Saber entender o contexto cultural para xerar iniciativas e dinamizar o entorno
A37	Capacidade de identificar os problemas artísticos e/ou socioculturais así como os condicionantes que fan posible discursos artísticos determinados. Describir os condicionantes que inciden na creación artística. Análise das estratexias de produción artística
A39	Capacidade de determinar o sistema de presentación adecuado para as calidades artísticas específicas dunha obra de arte. Adquirir criterios para a adecuada apreciación da obra de arte en relación co seu entorno e exhibición
B1	Capacidade de xestión da información.
B2	Capacidade de comunicación. Capacidade para expoñer oralmente e por escrito con claridade problemas complexos e proxectos dentro do seu campo de estudo
B3	Coñecemento básico da metodoloxía de investigación das fontes, a análise, a interpretación e síntese
B4	Capacidade de aprendizaxe autónoma.
B5	Capacidade de traballar autonomamente.
B6	Capacidade de traballar en equipo.
B7	Capacidade de integración en grupos multidisciplinares. Capacidade de colaboración con profesionais doutros campos
B8	Capacidade de iniciativa propia e de automotivación.
B9	Capacidade de perseverancia.
B10	Capacidade heurística e de especulación para a resolución de problemas, a realización e novos proxectos e estratexias de acción.
B11	Habilidades interpersoais, conciencia das capacidades e dos recursos propios
B12	Capacidade de adaptación a novas situacións.
B13	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
B15	Sensibilidade a respecto do patrimonio cultural.
B16	Compromiso ético profesional.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecemento das prácticas artísticas máis contemporáneas.	A1 A2 A5 A8	
Coñecemento de textos e reflexións sobre a práctica contemporánea da arte.	A1 A5	
Coñecemento das canles de exposición e difusión da arte contemporánea.	A5 A16 A17	
Coñecemento da realidade contemporánea da arte galega.	A1 A2 A5 A8	
Capacidade de recoñecemento de contextos artísticos contemporáneos.	A2 A4 A19 A35	
Capacidade de contextualizar proxectos e obras artísticas contemporáneas.	A37	B2
Capacidade para encadrar os proxectos artísticos propios nas sensibilidades máis contemporáneas.	A5 A21 A25 A37 A39	
Capacidade para a comprensión crítica das producións artísticas contemporáneas.	A37	B1 B2
Habilidade para comprender a creación artística en contextos contemporáneos.	A1 A37	B2

Habilidade para establecer discursos críticos sobre a arte contemporánea.	A1	B1
	A2	B2
	A3	B3
	A4	B4
	A5	B5
	A6	B6
	A7	B7
	A8	B8
	A9	B9
	A10	B10
	A11	B11
	A12	B12
	A13	B13
	A14	B15
	A15	B16
	A17	
	A18	
	A19	
	A20	
Habilidade para a contextualización do traballo propio nas manifestacións culturais contemporáneas.	A8	
	A9	
	A10	
	A11	
	A12	
	A13	

Contidos

Tema

a) A idea de contemporaneidade.	<ol style="list-style-type: none"> 1. O concepto de tempo. Ideas sobre pasado, presente e futuro. 2. "Zeitgeist": deseñamos o presente como se fose o futuro. "Volksgeist": construímos o presente a través do pasado. 3. As curvaturas espazo-temporais. O revival e o eterno retorno. 4. Erudición e citacionismo, crítica e apropiacionismo. 5. A arte como expresión do presente. A idea de contemporaneidade. 6. A arte contemporánea como necesidade global de representar o presente. Cara a un novo estilo internacional.
b) Construír a contemporaneidade. Actividade e actitude do artista.	<ol style="list-style-type: none"> 1. O paradigma da arte nova. Xuventude e contemporaneidade. 2. O artista contemporáneo. Do artista personalista/individualista ao artista colaborador/produtor, e viceversa. 3. Quen substitúe a Rafael? De como a excelencia non pode ser substituída polo anonimato e a multitude. 4. O artista relacional. Evolucións situacionistas sobre os axentes implicados no acontecemento artístico. A obra de arte sen corpo e o artista (calquera, todos, ningún) lección. Populismo versus demonismo.
c) Vivir e experimentar a contemporaneidade.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Da arte como exercicio poético e intelectual á arte como produto cultural. Arte e sociedade 2. A arte nas sociedades contemporáneas. O entrecruzamento das sociedades, as comunidades e os seus parámetros evolutivo-contextuais: Oriente/Occidente (Eurasia), Europa/América, Primeiro Mundo/ Terceiro Mundo, etc. 3. Arte e relixión. O debate hexemónico-relixioso na arte contemporánea. Xudaísmo/cristianismo (católicos/protestantes). A presenza de máis relixións na escena artística: ortodoxos, musulmáns, budistas, hinduístas, etc. 4. A arte contemporánea como parte da industria cultural e do entretemento. Bienais, feiras de arte e macroexposicións transformadas en parques temáticos e en eventos sociais. 5. Lexitimación, significación e mercado da arte. Axencias e intermediarios. Tipos de mercados da arte e a súa relación coas sociedades, as institucións e as diferentes políticas culturais. 6. O debate entre a arte pública e a arte privada. De existiren coleccións públicas e privadas, e de igual maneira, políticas culturais e iniciativas privadas, existirán tamén artistas públicos e artistas privados?

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminarios	10.5	21	31.5
Actividades introdutorias	5	0	5

Debates	4	4	8
Sesión maxistral	13	26	39
Resolución de problemas e/ou exercicios	8	18.5	26.5
Presentacións/exposicións	6	24	30
Saídas de estudo/prácticas de campo	2	4	6
Titoría en grupo	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminarios	Propónse a comprensión e/ou diagnóstico de escenarios que atinxen á arte na actualidade. A análise de actividades relacionadas coa arte contemporánea e a súa estrutura no social será o foco de atención da práctica seminarial.
Actividades introdutorias	Presentamos unha posta en contacto entre a organización dos recursos conceptuais e discursivos do alumno e os contidos que desenvolverá a materia. As actividades introdutorias buscan a complicidade entre o alumno, a materia e os profesores que a imparten.
Debates	A materia propiciará o debate no concerner ao desenvolvemento persoal e á formación dun criterio ideolóxico e social. O contemporáneo caracterízase pola construción dun sentimento formado por múltiples pensamentos contrarios e en constante emerxencia.
Sesión maxistral	Construír un corpo teórico de reflexión que lle permita ao alumnado interrogarse sobre as cuestións que conforman a práctica artística no contexto das dinámicas culturais actuais.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Trátase de potenciar o traballo en grupo mediante a resolución de cuestións que teñen que ver coa actividade artística, sendo esta un vehículo de colaboracións cada vez máis interdisciplinar.
Presentacións/exposicións	Facer posible o desenvolvemento de capacidades no alumnado que lle permitan desenvolverse plenamente no ámbito discursivo da arte contemporánea.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Coñecer in situ e en directo todo o ambiente que conforman as actividades propias da arte contemporánea.
Titoría en grupo	Incentivar a autoavaliación onde todo o grupo cuestiona e analiza o resultado alcanzado polos membros do grupo. Conseguir, ademais, que o grupo se unifique mediante obxectivos comúns.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminarios	O alumno coñece, a través do debate, os seminarios e a resolución de problemas, o grao de asentimento e significación que obtén dentro da clase, a súa capacidade para convencer no debate, o manexo que fai dos datos e a súa argumentación dos discursos contemporáneos. Horarios de titorías: Juan Carlos Román Redondo: Luns 15,30h. a 21,30h. Jesús Hernández Sánchez: Xoves e Venres de 10,00h. a 13 h.
Resolución de problemas e/ou exercicios	O alumno coñece, a través do debate, os seminarios e a resolución de problemas, o grao de asentimento e significación que obtén dentro da clase, a súa capacidade para convencer no debate, o manexo que fai dos datos e a súa argumentación dos discursos contemporáneos. Horarios de titorías: Juan Carlos Román Redondo: Luns 15,30h. a 21,30h. Jesús Hernández Sánchez: Xoves e Venres de 10,00h. a 13 h.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Debates	Valoraranse as capacidades discursivas e argumentativas do alumno. Incentivaranse ou xeraranse debates na materia.	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	A avaliación continua será o sistema de valoración nos diferentes exercicios que se desenvolverán ao longo do curso.	60
Presentacións/exposicións	Valorarase o resultado acadado na realización do traballo e na súa exposición, as capacidades comunicativas, analíticas, críticas e argumentativas.	30

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación será continúa.

Haberá una convocatoria ordinaria para a derradeira presentación de traballos o luns 22 de abril co seguinte horario:

Grupos P1 e P2: de 9,30h. a 11,30h.

Grupos P3, P4 e P5: de 16,30h. a 21,30h.

Segunda convocatoria: indícarase a a cada estudante os traballos que debe presentar e/ou se ten que realizar algunha proba de avaliación específica.

Data e hora da convocatoria: día 4 de xullo 2013. Hora: 16,00 h.



Bibliografía. Fontes de información

Argan, Giulio Carlo (et alt.), **El pasado en el presente. El revival en las artes plásticas, la arquitectura, el cine y el teatro**, Gustavo Gili,
Borrazás, Xurxo, **Arte e Parte. Dos Patriarcas á arte suicida**, Galaxia,
Bourdieu, Pierre, **Las reglas del arte. Génesis y estructura del campo literario.**, Anagrama,
Bourriaud, Nicolas, **Estética relacional**, Adriana Hidalgo,
Guasch, Anna María, **La crítica de arte. Historia, teoría y praxis**, Serbal,
Gutiérrez Vicén, Javier, **El futuro de la creación. Los derechos de autor de los creadores visuales.**, Trama,
Wallis, Brian, **Arte después de la modernidad. Nuevos planteamientos en torno a la representación.**, Akal,
AA.VV., **Modos de hacer. Arte crítico, esfera pública y acción directa.**, Universidad de Salamanca,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Arte e espazo social/P01G010V01901
Xestión, ámbito artístico e mundo profesional/P01G010V01910
Transmisión, mediación e educación artística/P01G010V01802

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Filosofía da arte/P01G010V01501

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía da arte/P01G010V01101
Historia: Historia da arte/P01G010V01202
Arte, linguaxe e representación/P01G010V01303
Arte: Arte e modernidade/P01G010V01401

Outros comentarios

As materias que foron seleccionadas establecen un vínculo teórico e analítico cos contidos da materia [Arte e contemporaneidade].

Ao longo dos meses de marzo e abril, organizaráanse 3 encontros con axentes artísticos de recoñecida experiencia profesional.